
AS TRES CURUXIÑAS

Texto de **MARTIN WADDELL**

Ilustracións de **PATRICK BENSON**

Tradución de **SANDRA** e **ÓSCAR SENRA GÓMEZ**

Encadernado en cartonné. 22 x 22 cm. 34 páx. 15 €.

As tres curuxiñas (galego)

ISBN 978-84-8464-319-7. Tras os montes.

Las tres pequeñas lechuzas (castelán)

ISBN 978-84-8464-318-0. Clásicos contemporáneos.

Els tres mussolets (catalán)

ISBN 978-84-16804-19-1. Clàssics contemporanis.

Hontz kumeak (éuscaro)


ISBN 978-84-7681-993-7. Gaur egungo klasikoak.

Había unha vez tres curuxiñas, Iria, Antón e Mara,
que vivían no buraco dunha árbore con Mamá Curuxa.
No buraco había pólas, follas e plumas de curuxa polo chan.
Aquela era a súa casa.
Unha noite, espertaron e viron que Mamá Curuxa
NON ESTABA...

Cúmprense 25 anos dende a edición orixinal de “As tres curuxiñas”, un exitoso e tenro álbum para primeiros lectores construído arredor da inxenuidade de tres pequenas aves que pousan, pensan e agardan o regreso da súa nai. A irmá maior, o irmán mediano e a pequena de todos atópanse sós de noite e descoñecen o motivo da súa ausencia, que cada un interpreta á súa maneira: a maior tratando de atopar unha explicación lóxica, o mediano dándolle a razón á primeira, e a cativa reclamando insistentemente a presenza da mamá.

O relato de Martin Waddell permite apreciar o paso do tempo e a evolución no estado de ánimo das curuxiñas: a inseguridade, a preocupación, o instinto de protección e responsabilidade de quen exerce como irmá maior... As ilustracións de Patrick Benson acentúan a empatía dos lectores ao representar a atmosfera tenebrosa da fraga, a expresividade xestual dos irmáns nos primeiros planos, as múltiples perspectivas visuais e os planos aéreos.

Non falta o sentido do humor nesta historia a través do xogo de tamaños e das estruturas repetitivas. Dende o punto de vista dos lectores, a obra -que foi traducida a moitas linguas- reflicte á perfección o que senten os meniños cando botan en falta o adulto que os quere e os coida.



-
- **Temática:** emocións, temores, ausencia da figura materna/paterna.
 - **Idade recomendada:** a partir de 2-3 anos.
 - **Aspectos destacables:** infancia, relación entre irmáns, familia; o medo a separarse do adulto, os afectos; os tamaños; a natureza.
-

Martin Waddell

(Belfast, 1941)

Publicou o seu primeiro libro en 1966: unha novela de suspense que foi levada ao cine. Cambiou a literatura para adultos polas historias para público infantil e xuvenil en 1972. Durante os últimos 40 anos publicou máis de 150 obras, traducidas a varias linguas. Tamén escribe co pseudónimo de Catherine Sefton. Recibiu, entre outros, o Premio Hans Christian Andersen, a Medalla Kate Greenaway, o Smarties Book Prize e o Mother Goose.

Patrick Benson

(Hampshire, 1956)

Estudou debuxo clásico en Florencia e ampliou a súa formación nas facultades de Belas Artes de Chelsea e St Martin. Antes de dedicarse á ilustración traballou no sector da moda. Publicou numerosos libros, dos cales “As tres curuxiñas” foi o que máis fama lle deu. Recibiu os premios Mother Goose (1984) e Kurt Maschler (1995), entre outras distincións. Tamén ten publicado obras como autor e ilustrador.



www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com
